



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

BANDO

Ponse en coñecemento dos interesados que a Consellería de Política Social concede unha axuda económica ás familias para a **atención a domicilio** de nenas e nenos menores de 3 anos a través do programa **BONO COIDADADO**.

PODEN SER BENEFICIARIOS/AS OS PAIS/NAIS, TITORES/AS, OU AS PERSOAS ACOLLEDORAS DE NENOS/AS MENORES DE TRES ANOS RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ATOPEN NOS SUPOSTOS SEGUINTE:

- Ter unha nena ou neno nacida/o con posterioridade ao 31 de decembro de 2014
- Que a renda da unidade familiar, non supere os 45.000 € ou os 13.500 € per cápita.

A axuda consistirá nunha achega para contribuir ao pagamento do importe de servizos de atención á infancia a domicilio, nos seguintes supostos:

- Enfermidade do/a menor e imposibilidade de ser coidado/a polos membros da unidade familiar.
- Enfermidade da persoa coidadora habitual.
- Asistencia da persoa coidadora habitual a entrevistas de traballo ou cursos de formación.
- Situación puntuais de carácter laboral ou de coidado, tanto do cónxuxe ou parella como de familiares ata o segundo grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, que impidan a atención do/a neno/a polos membros da unidade familiar.

Para a formalización das solicitudes poderán tramitarse no departamento municipal de Servizos Sociais (Educación Familiar), en horario de 10 a 14 horas.

O prazo de presentación para estas axudas, remata o 30 de setembro de 2017.

Fisterra, 23 de marzo de 2017

O Alcalde

José Marcote Suárez

